

Apoloxía da amizade

Temáticas universais

PAULA FERNÁNDEZ

A illa dos cangrexos violinistas é un deses álbums onde texto e ilustración teñen unha importancia paralela. O traballo plástico de Jesús Cisneros recrea a escrita, escollendo a evocación para que quen le participe ou sinta máis próximo o texto, e plasmando nun exercicio case que a medio camiño entre as pinturas rupestres e os motivos tribais, ambos os dous moi oportunos de termos en conta que a acción se desenvolve nunha illa, hai moitos anos, habitada por persoas que conservan tradicións ancestrais e que basean as máis das veces as súas explicacións na sabedoría popular. O gardián deste saber é neste caso o avó da protagonista, el transmite o seu saber mais tamén impulsa a procurar solucións para que, a forza de experimentar, a nena poida engadilas ao seu propio saber.

É unha historia exótica que Xavier Queipo ambienta nunha illa do Caribe, mais non por iso demasiado afastada da nosa realidade pois é evidente que existen moitas semellanzas entre a protagonista e moitos nenos e nenas do rural galego; vive nunha pequena horta, o pai vai

ao mar e a nai traballa a horta, ela non ten nenos da súa idade para xogar, polo que procura o divertimento na natureza que rodea a súa casa, e cando atopa un problema recorre

ao avó, posuidor das solucións e coñecedor e transmisor da tradición tal e como acontece nas aldeas galegas.

Malia este contido máis fondo, o autor achega un

relato redondo, coas tradicionais tres partes moi ben diferenciadas e cun punto álxido, desacougante de cara ao final, que fará que os cangrexos, presentados nunha fermosísima imaxe que nos fai imaxinalos cun violín entre as súas patas, sexan protexidos para sempre pola familia.

Son moitos os motivos, os temas tratados ao longo das oitenta páxinas que temos e ollamos; respecto pola natureza, reivindicación de estilos de vida hoxe en perigo de se extinguir, procura da experiencia para resolver situacións á beira da importancia de que os máis novotenten resolver polos seus medios os problemas e defensa e apoloxía da amizade, do seu valor, veña de quen veña.

Son, pois, temas universais tinguidos de exotismo recreados grazas ás palabras directas, unidas ao xeito dun conto dos de sempre, de Xavier Queipo e, por suposto, grazas ás fermosas ilustracións de Cisneros.

QUEIPO,
Xavier/CISNEROS, Jesús,
A illa dos cangrexos violinistas, OQO Ed.,
Pontevedra, 2009, PVP14 €

